



camiño
escena
norte

camín
escena
norte

camino
escena
norte

ipar
eszena
bidea

‘Fake (trampantojo)’ e ‘Del otro lado’ chegan a Lugo esta fin de semana co Camiño Escena Norte 2022

O Auditorio Municipal Gustavo Freire acollerá as novas propostas das compañías Erre Produkzioak (Euskadi) e Escena Miriñaque (Cantabria) o xoves 29 e o domingo 2, respectivamente

O proxecto de intercambio de artes escénicas finalizará a semana que vén o seu percorrido por Galicia, con funcións en Ames, Vilalba, Viveiro, Carballo e Santiago de Compostela

Lugo, 26 de setembro de 2022.- A cuarta edición do Camiño Escena Norte (CEN) continúa o seu periplo galego. Esta fin de semana, o proxecto de intercambio escénico, artístico e profesional entre compañías de Galicia, Asturias, Cantabria, Euskadi e, este ano, tamén Navarra, fará parada en **Lugo** con dúas propostas o **xoves 29** e o **domingo 2** no Auditorio Municipal Gustavo Freire. Nos dous casos a entrada será gratuíta até completar a capacidade do recinto e, ao finalizar a función, celebrarase un encontro co público asistente.

A compañía vasca **Erre Produkzioak** presentará a partir das 20.30 horas do día 29 o seu espectáculo **‘Fake (trampantojo)’**. Dirixido a público adulto, a peza, que fai alusión ao anglicismo da falsificación ou imitación da realidade, presenta a historia de abuso, relacións de poder e traxedia que se dan no seo dunha familia durante unha cea de Aninovo.

O domingo será a quenda do público infantil e familiar. Ás 18.30 horas comezará a función de **‘De outro lado’**, de Blanca del Barrio, un espectáculo que fala de barreiras, valados, ladrillos e pontes. Da man da compañía cántabra **Escena Miriñaque**, as e os asistentes verán unha metáfora escénica que fala das fronteiras visibles e invisibles.

PROMOVE / PROMUEVE / SUSTATZAILEAK:



www.escenanorte.com





camiño
escena
norte

camín
escena
norte

camino
escena
norte

ipar
eszena
bidea

A fin de semana que vén o Camiño Escena Norte 2022 finalizará a súa andaina. A compañía asturiana **Zig Zag Danza** visitará **Ames** (venres 7) e **Vilalba** (sábado 8) co seu espectáculo para primeira infancia (0-3 anos) 'Mímesis'. Pola súa banda, a vasca Vaivén Producciones achegará a súa peza para público adulto 'El enjambre', a **Viveiro** o sábado 8; mentres que a navarra La Caja Flotante fará o propio no FIOT de **Carballo**, tamén na tarde do sábado, con 'Beautiful Stranger'. Finalmente, CEN 2022 pecharase na tarde do domingo 9 en **Santiago de Compostela**, na Cidade da Cultura, coa representación para público infantil e familiar de 'El secreto de Julio Verne', da asturiana Fantastique Company.

Camiño Escena Norte 2022

Camiño Escena Norte é unha iniciativa promovida polas asociacións profesionais de produtoras de artes escénicas **Escena Galega** (Galicia), **EscenAsturias** (Asturias), **ACEPAE** (Cantabria) e **Eskena** (País Vasco). Todas elas, unidas na supraentidade Camino Escena Norte AIE -creada especificamente para o desenvolvemento, xestión e produción deste proxecto-, impulsan unha intensa programación escénica coa intención de **pór en valor a diversidade cultural, lingüística e de formatos e linguaxes** da produción escénica galega, asturiana, cántabra e vasca.

A iniciativa conta, neste 2022, co apoio económico de gobernos e institucións das cinco comunidades autónomas implicadas: **Xunta de Galicia** a través da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic), Goberno do Principado de Asturias, Goberno de Cantabria, Deputación Foral de Árabá, Deputación Foral de Biscaia, Deputación Foral de Gipúscoa e Goberno de Navarra; ademais do Goberno de España a través do INAEM. En Galicia colaboran tamén **Deputación Provincial da Coruña**, **Deputación Provincial de Lugo** e **Concello de Lugo**; así como os consistorios de **Arzúa**, **Vilalba**, **Ames** e **Viveiro**; o **Festival Internacional Outono de Teatro de Carballo (FIOT)**, a **Fundación Cidade da Cultura de Galicia** e o **Centro Dramático Galego**.

Vegalsa-Eroski mantense este ano no como patrocinador oficial, cunha maior achega económica para esta cuarta edición, o que reforza o seu compromiso e aposta por un proxecto que promove o intercambio cultural entre territorios.

PROMOVE / PROMUEVE / SUSTATZAILERAK:



www.escenanorte.com





camiño
escena
norte

camín
escena
norte

camino
escena
norte

ipar
eszena
bidea

AXENDA FUNCÍONS CAMIÑO ESCENA NORTE 29/09 - 02/10

Erre Produkzioak (Euskadi) | 'Fake (trampantojo)', de David Caíña

29.09.2022 | 20:30 horas no Auditorio Municipal Gustavo Freire de Lugo

Público adulto. Entrada libre. Ao remate da función, encontro co público.
Acompaña: Anxo Manoel (Lucecús Teatro)

Lucía e Celia, irmás; Xabier, o marido de Celia; Pablo, o fillo de Lucía; e Uxue, a súa curmá. Todas e todos celebran que hoxe é o primeiro día do resto das súas vidas, mais esta celebración non é máis que un *trampantojo*: un paripé organizado para poder levar á avoa á cama antes de que cheguen as badaladas de verdade. Unha vez durme a avoa, todos poden comportarse como realmente son. E aí é cando comezan os problemas.

Escena Miriñaque (Cantabria) | 'Del otro lado', de Blanca del Barrio

02.10.2022 | 18:30 horas no Auditorio Municipal Gustavo Freire de Lugo

Público infantil e familiar. Entrada libre. Ao remate da función, encontro co público.
Acompaña: Paloma Lugilde (Produccións Paloma Lugilde)

Lembras cando se nos escapaba o balón por enriba do muro e ía parar Do Outro Lado? A aventura comezaba... Unha mañá, os habitantes dese Outro Lado atoparon no seu territorio un estraño balón. Non era como os seus: nin a materia, nin a cor. Non tiña marca. Viña... Do outro lado. Este espectáculo fala de muros, valos, ladrillos e unha ponte. É unha metáfora das fronteiras tanto visibles como invisibles. A ambos os dous lados dúas personaxes búscanse, xogan, necesítanse e comparten idénticas ilusións e os mesmos medos.

Descarga [o teaser](#) e as [fotos](#) de 'Fake (trampantojo)'.

Descarga [o teaser](#) e as [fotos](#) de 'Del otro lado'.

Accede á [Sala de prensa Camiño Escena Norte Galicia 2022](#).

Contacto de prensa CEN Galicia

Lucía Pita | 675 404 321 | lucia.pita@theofficeco.es

PROMOVE / PROMUEVE / SUSTATZAILEAK:



www.escenanorte.com

